

FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

info@fgmontanismo.com

Telf. 986 20 87 58

**NOTIFICACIÓN DO COMITÉ DE REGULACIÓN DA
ESCALADA EN FARO DE BUDIÑO.**

**ASUNTO: CONVOCATORIA DE XORNADA DE
MANTEMENTO.**

Para o vindeiro día 19 de abril as 10,00 horas, o Comité de Regulación da Escalada en Faro de Budiño, convoca aos usuarios do Faro, a unha xornada de mantemento, co obxectivo de limpar camiños e restaurar vías con equipamento vello ou deteriorado.

A idea é, por un lado, a limpeza dos camiños de acceso ás vías, anticipándonos á chegada da primavera, e por outro, a eliminación da maior cantidade posible do material vello que hai colocado na parede e que xa non aporta seguridade, xa sexa polo deteriorado do seu estado, ou pola proximidade de material novo de reequipamentos posteriores.

Os labores acometeranse formando dous grupos de traballo; un para limpeza de camiños, o outro para traballar nas paredes sacando o material vello (buris, tacos de madeira, cravos, espits, cables de aceiro...) e restaurando onde sexa aconsellable (reenchendo buratos de buril con sica).

Os grupos formaranse dependendo da xente que asista e do material dispoñible.

Os interesados en participar nas labores poden deixar os seus datos na F.G.M. (nome e número de teléfono) por teléfono ou Email, antes do día 13 de abril. En caso de suspensión da xornada avisarase a F.G.M. cunha antelación de 48 horas, e trasladarase ó seguinte domingo día 26 de abril.

Todo o material de traballo que poidan aportar os participantes, será de utilidade.

Agradamos unha boa resposta do colectivo de escaladores.